



INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE SOBRE SELECCIÓN E NOMEAMENTO DE INTERINOS PARA CUBRIR POSTOS DE FUNCIONARIOS DOS CORPOS XERAIS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA.

De conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o “Proxecto de Orde *sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia*”, emítase o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Lei orgánica do poder xudicial 6/1985, do 1 de xullo (LOPX), dispón no seu artigo 472.2 que por razóns de urxencia ou necesidade poderán nomearse funcionarios interinos, que desenvolverán as funcións propias dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, en canto non sexa posible o seu desempeño por funcionarios de carreira ou permanezan as razóns que motivaron o seu nomeamento.

O artigo 489.1 da dita lei orgánica determina que o Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, os órganos competentes das comunidades autónomas que recibiran os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza serán competentes para o nomeamento de interinos, de acordo cos criterios obxectivos que se fixen na orde ministerial ou, se é o caso, na disposición da comunidade autónoma que recibira os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza.

Ao abeiro da devandita norma, ditouse o Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, que no seu artigo 1.2 dispón que en todo o non previsto na citada lei orgánica e no propio regulamento se aplicará con carácter supletorio o establecido nas normas do Estado sobre función pública, sen prexuízo das disposicións complementarias que, no exercicio das competencias recoñecidas na Lei orgánica do poder xudicial, diten nestas materias as comunidades autónomas con traspasos recibidos, que en todo caso deberán respectar o establecido polo dito regulamento.



En virtude do establecido no artigo 20.1 do Estatuto de autonomía de Galicia e da transferencia de funcións á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, realizada a través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, e asumida pola Xunta de Galicia a través do Decreto 438/1995, os funcionarios dos corpos de médicos forenses e mais dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial dependen organicamente da comunidade autónoma. Esta dependencia instruméntase a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á cal lle corresponden as competencias nesta materia, segundo o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se estableceu a súa estrutura orgánica.

2. Necesidade e oportunidade

A vixente normativa reguladora da selección e nomeamento de interinos establécese pola Orde do 28 de novembro de 2013 sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, orde que, polo transcorrer do tempo e os cambios normativos producidos dende o ano 2013, é preciso modificar, introducindo, ademais, novas previsións acordes coa implementación e avance na tramitación electrónica do procedemento

A nova norma ven a adaptar a regulación existente que debe rexer na convocatoria e funcionamento das bolsas de interinos da Administración de Xustiza ao marco normativo vixente na actualidade, en particular, a LOPX e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

3. Estrutura e contido

Este proxecto de orde está formado por 23 artigos, agrupados en tres capítulos, adicados respectivamente á regulación das cuestións xerais, á formación das bolsas e aos procedementos de nomeamento e cesamento; 4 disposicións adicionais, adicadas ao cambio de domicilio, ás zonas de preferencia, á obrigatoriedade de relacionarse coa administración a través de medios electrónicos e ao persoal de reforzo afectado polo proceso de consolidación de prazas; tres disposicións transitorias encargadas da regulación do réxime provisional de nomeamento do persoal interino, aos efectos da entrada en vigor das novas bolsas e ao persoal funcionario interino que se atope traballando á entrada en vigor das novas bolsas; unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras adicadas ao desenvolvemento normativo e á entrada en vigor da orde.

4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Así, a Dirección Xeral de Xustiza, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa (artigo 41.2.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha memoria económica (artigo 41.2.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.2.d da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha memoria sobre a non necesidade da consulta pública previa.

Así mesmo consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

A continuación foi preciso recadar os informes dos órganos e unidades administrativas que deban pronunciarse sobre o texto do proxecto, xa que logo, solicitáronse informe económico-financeiro da Consellería de Facenda, informe da Dirección Xeral de Función Pública, informe da



Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e o informe sobre cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resulta preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

Así mesmo, foi preciso solicitar informe ao Consello Xeral do Poder Xudicial a tenor do previsto no artigo 561 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

O 28 de decembro de 2017 a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa emitiu informe favorable sobre o proxecto de orde.

O 28 de decembro de 2017 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu informe sobre o proxecto de orde, facendo una serie de observacións no tocante ao uso dunha linguaxe non sexista.

O 26 de febreiro de 2018 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o proxecto de orde.

O 2 de xullo de 2018 o Consello Xeral do Poder Xudicial emite informe favorable sobre o proxecto de orde.

O 4 de xullo de 2018 a Dirección Xeral de Función Pública emitiu informe favorable sobre o proxecto de orde.

Seguindo a memoria de data 20 de xullo de 2007 dende a Dirección Xeral de Xustiza procedeuse a adaptar o texto ao citado informe.

Finalmente, o 3 de agosto de 2018, a Asesoría Xurídica emitiu o correspondente informe no que realiza unha serie de observacións respecto ao contido do articulado.

Dende a Dirección Xeral de Xustiza, e co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica, remítese una memoria sobre as observacións contidas no citado informe.

5. Legalidade.



En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase á aprobación da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De acordo co indicado considérase que o *Proxecto de Orde sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia* reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade .

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta da Subdirección de Réxime Xurídico da Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2018

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza